

QUE É A INFORMACIÓN NORMALIZADA EUROPEA?

A información normalizada europea (INE)

é un documento que o banco ou a entidade financeira ten que darche antes de que contrates un crédito ao consumo.

A INE proporciona toda a información importante sobre o crédito ao consumo que queres contratar de maneira clara e sinxela.

Para que serve?

A INE axúdache a coñecer a información máis importante do crédito que estás a pedir.

Podes ter diferentes INE de diferentes bancos ou entidades financeiras para así comparar e escoller o crédito que máis che conveña.

Que información debe incluír a INE?

- O nome do banco ou a entidade financeira.
- A cantidade de diñeiro que estás a pedir.
- O tipo de xuro que aplica ao crédito (TIN).
- Canto pagarás ao ano polo crédito (TAE).
- Canto pagarás cada mes.
- Durante canto tempo devolverás o crédito.
- Que pasa se te atrasas nos pagamentos.
- O dereito a desistir (renunciar) e a cancelar o contrato.
- Como e ante quen podes presentar unha reclamación ou queixa sobre o contrato que asines.
- Calquera outra información importante sobre o crédito.

Cando che dan a INE?

Danche a INE antes de asinar o contrato.

Normalmente, danche a INE en man (en papel) ou cha envían por correo electrónico.

Que debes facer cando che dan a INE?

- Lea ben e asegúrase de enténdelo todo.
Si non entendes algo,
pregunta á persoa que che está a atender.
- Compara as condicións desta INE
coas doutros bancos ou entidades financeiras.
- Pensa canto diñeiro podes pagar cada mes
sen que afecte á túa economía.
Así, se tes un imprevisto,
poderás seguir pagando o crédito.
- Revisa ben todas as condicións do crédito.
- Non asines nada ata que teñas claro
que crédito vas contratar
e cales son as súas condicións.

Canto tempo mantén o banco ou a entidade financeira as condicións que che ofrece na INE?

As condicións da INE non son para sempre.
Só son válidas durante un tempo.
Este tempo debe estar indicado na INE.

É obrigatorio que che dean a INE?

Si. Todos os bancos e as entidades financeiras da Unión Europea están obrigados a dala aos clientes que piden información sobre un crédito ao consumo.